





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27817**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as condicións de seguranza viaria que presenta na actualidade a estrada PO-531 entre Curro e Pontevedra, as intencións do Goberno galego verbo da atención das demandas do Concello de Barro ao respecto, así como as razóns da demora na execución do proxecto previsto desde hai anos e mais a data de inicio das obras de mellora necesarias”**, (publicada no BOPG número 354, do 10 de outubro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Recentemente desenvolvéronse nesta estrada actuacións destinadas a mellorar o seu estado de conservación e a seguridade viaria, centrando os esforzos nos treitos que concentran unha accidentalidade máis significativa, e adoptando medidas axeitadas á necesidade de cada punto.

Así, neste ano actuouse no entorno da denominada glorieta de bombeiros, mediante o reforzo da sinalización horizontal e vertical e a instalación de bandas transversais de alerta, téndose xa comprobado a eficacia das medidas adoptadas ao constatare unha redución moi significativa da accidentalidade no treito.

Ademais, acometéronse obras de rehabilitación localizada do firme consistentes na renovación da capa de rodadura, previo fresado, que tiveron por obxecto a mellora da seguridade viaria, actuando principalmente nos treitos nos que se constataran problemas de deslizamento.

En relación ao proxecto para a mellora da seguridade viaria entre os puntos quilométricos 4+600 e 9+850, a Axencia Galega de Infraestruturas xa ten redactado o proxecto construtivo. A súa execución levarase a cabo segundo o permitan as disponibilidades orzamentarias, tendo en conta as necesidades globais da rede de estradas e a evolución das infraestruturas viarias existentes no entorno.

Por outra banda, hai que ter en conta que o Ministerio de Fomento ten previsto na súa planificación a próxima execución da autovía A-57, que circunvalará Pontevedra e continuará ata o enlace de Curro (coa AP-9 e a AG-41). Coa execución desta nova infraestrutura cabe agardar a redistribución o tráfico da totalidade das estradas da contorna, tanto da AP-9 coma da estrada autonómica PO-531.

En relación ao acordo do Concello de Barro polo que se solicita a sinalización dos pasos de peóns, hai que salientar que as condicións actuais do treito urbano da PO-531 non cumpren os requisitos mínimos para a instalación dun paso prioritario de peóns coas garantías suficientes de seguridade que se deben observar neste tipo de elementos.

Débese considerar que a existencia dun paso prioritario de peóns sen as debidas condicións pode crear unha falsa sensación de seguridade no peón á hora de cruzar a estrada que non é percibida do mesmo xeito polos condutores dos vehículos que circulan por esta, polo que aumenta o risco de atropelo debido precisamente ao exceso de confianza do peón e a falta de percepción de perigo polo condutor.

A AP-9 é unha estrada de titularidade estatal, polo que non lle corresponde á administración autonómica a supresión da peaxe.

O Ministerio de Fomento, como xa se sinalou, ten previsto na súa planificación a próxima execución da autovía A-57, que circunvalará Pontevedra e continuará ata o enlace de Curro (coa AP-9 e a AG-41). Esta infraestrutura, que discorrerá en paralelo á



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

autopista AP-9 e á estrada PO-531, realizará unha función similar á da AP-9 pero cunha infraestrutura libre de peaxe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2014

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia